



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PSICÓLOGO/A EN BASE Á SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, DESTINADA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX 2025).

ANTECEDENTES:

En base a Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, destinada á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, financiada polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+ 2021-2027) (Dog nº 160 do 22 de agosto), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR350E).

Con data 28 de novembro de 2025, recíbese notificación de Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Rex. Nº 202500000002428) da subvención para a contratación de persoas mozas inscritas no SNGX nº de expediente 2025/00000003 correspondente o procedemento TR350E, por importe de 22.876,56 € (Coefic. Financ. 100%)

Para elaborar unha listaxe de candidatos/as preséntanse unha oferta de emprego no servizo público de emprego de Galicia, a efectos de cumprir o regulado no artigo 29.4 da Orde do 13 de agosto do 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- a) A Orde do 13 de agosto do 2025, no seu artigo 29.2 establece que os/as traballadores/as seleccionados/as deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia coma demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e que as entidades beneficiarias da subvención solicitarán os/as traballadores/as que necesiten, mediante a presentación dunha oferta de emprego na oficina pública de emprego que corresponda.

Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

- b) O proceso de selección e contratación dos desempregados/as respectará o establecido nos artigos 29.3 da Orde do 13 de agosto do 2025.
- c) A presente resolución ditase de conformidade coas atribucións conferidas ao alcalde polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 41 do Real decreto 2568/1986, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar as bases polas que se vai rexer a selección do persoal para cubrir a praza de **1 PSICÓLOGO/A DO PROGRAMA SNGX 2025**, tendo en conta as observacións realizadas no informe da secretaría-intervención, e convocar o correspondente proceso selectivo.

SEGUNDO. Publicar o anuncio xunto coas bases na páxina web do Concello e no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Carnota.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

BASES DA CONVOCATORIA

PROGRAMA: SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SNGX 2025.

EXPEDIENTE: TR350E 2025/0000003

De conformidade coa resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Rex. Nº 202500000002428) da subvención para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, Expediente 2025/0000003 correspondente o procedemento TR350E, por importe de 22.876,56€ (Coefic. Financ. 100%)

1. Obxecto

Contratación de un (1) psicólogo/a para tarefas de detección temperá de persoas vulnerables

2. Características do Posto ofertado

Denominación do posto de traballo: Psicólogo/a	
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Servizos Sociais
Categoría profesional	Psicólogo/a
Titulación esixible	CNO 2823
Sistema selectivo	Oposición
Núm. de Postos que se convocan	1
Funcións encomendadas	Detección de Personas Vulnerables en Contexto Rural

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLEX 2/2015 (Estatuto dos Traballadores) e Lei	A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo
--	---



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego (e a súa normativa de desenvolvemento).	vinculado a programas vinculado a programas de políticas activas de emprego (Código 405) , segundo a disposición adicional novena do Texto Refundido da Lei de Emprego.
Duración	9 meses
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Completa
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	Segundo convenio
Horario de traballo	Segundo o cuadrante e necesidade do servizo
Retribución bruta	22.876,56€ incluído cotización S.S.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto da instrución.- É obxecto da presente procedemento a selección para o posto de traballo de Psicólogo/a. O contido do posto de traballo suporá a prestación do persoal que se prevé contratar con cargo á subvención recollida na Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, destinada á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, financiada polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+ 2021-2027) (Dog nº 160 do 22 de agosto).

O servizo queda o recollido na Resolución sobre o Expediente TR350E-2025-000003, asinada o 28 de outubro do 2025 polo O secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais, D. Pablo Fernández López, baixo a modalidade contractual de contratos de traballo coa opción específica «interese social» correspondente ao contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (códigos: 405).

SEGUNDA.- Modalidade: Efectuada a preselección das persoas mozas traballadoras pola Oficina de Emprego, o Concello de Carnota efectuará a súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

políticas activas de emprego, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2025 (artigo 30 da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade) e a Disposición Adicional 9ª do Texto Refundido da Lei de Emprego (Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro).

Terase en conta a modificación do prazo xustificación do artigo 17,3 da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración publicada o 12 de novembro de 2025 (DOG nº 219).

Cada contrato terá unha duración de nove meses e unha xornada laboral do 100 %, e ese será o período laboral máximo subvencionable para cada contrato.

A xornada laboral será de 37,50 horas semanais, en xornada continua, de acordo co horario fixado pola Alcaldía- Presidencia ou Concelleira- Delegada de Servizos Sociais, atendendo ás necesidades e peculiaridades do servizo.

TERCEIRA.- Sistema de selección. Para o sistema de selección da praza, seguirase o indicado nas seguintes fontes:

- 1) Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, destinada á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, financiada polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+ 2021-2027), artigo 29 e seguintes.
- 2) Instrución informativa sobre o procedemento de selección para entidades locais, respecto do programa de contratación e persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Procedemento PR350E), emitido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- 3) Informe xurídico de Secretaría- Intervención de día 10 de novembro

CUARTA.- Duración do contrato. A duración do contrato será de nove meses contados a partir da sinatura do mesmo (artigo 1 da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración).

QUINTA.- Retribucións. A retribución será a prevista na Resolución de concesión da subvención.

SEXTA.- Condicións dos aspirantes. As condicións serán as recollidas no artigo 19 da Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Noutroira, os aspirantes para participar nas probas, deberán reunir necesariamente os seguintes requisitos, referidos á data na que se efectuará a selección de candidatos/as :



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

- a) Ser de nacionalidade española.
- b) Non obstante o anterior, poderán concorrer tamén os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, logo de acreditar a súa nacionalidade consonte o disposto na Lei 17/1993, do 23 decembro, sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, e demais normativa de desenvolvemento.
- c) Previa acreditación da súa nacionalidade, os nacionais daqueles Estados ós que en virtude de Tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores nos termos nos que está definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, tamén poderán concorrer.
- d) Ter cumpridos 16 anos de idade.
- e) Posuír a titulación ligada o CNO 2823 de grao en Psicoloxía, licenciatura en Filosofía e Ciencias da Educación, Sección de Psicoloxía, Psicopatoloxía e Psicoterapéutica ou licenciado en Psicoloxía, ou análogas.
- f) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas.
- g) A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.
- h) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- i) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo á Administración do Estado, comunidade Autónoma ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os nacionais dos demais Estados membros de unión Europea ou dos daquelas que teñan subscritos Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan no seu Estado o acceso á función pública.

Os anteriores requisitos, deberanse reunir con referencia ó día anterior a presentación para a proba teórica, e gozar dos mesmos ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

SÉTIMA.- Admisión de aspirantes. Recibida a preselección da Oficina de Emprego, publicarase a lista de aspirantes admitidos e excluídos (neste caso con indicación das causas que motivaron a exclusión) que se fará pública no Taboleiro de Anuncios da



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

sede electrónica do Concello (<https://sede.carnota.gal/sxc/es>) e na páxina web (www.carnota.gal).

Nesta mesma Resolución publicarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citarán para a súa primeira sesión (constitutiva) así como a data da realización dos exercicios da fase de oposición.

O tribunal, cuxa composición adecuarase aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha presidencia, unha secretaría e tres vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

Os membros do tribunal, deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

No nomeamento dos membros do tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle a Alcaldía ou á Concellería delegada a proposta do tribunal.
- O tribunal cualificador tamén poderá propoñer a designación de persoal administrativo colaborador, que será resolta por decreto da alcaldesa ou de concelleira/a delegada/o con competencias na materia, co obxecto de prestar auxilio ao mesmo no desenvolvemento das probas no suposto de que o número de aspirantes convocados así o aconselle a fin de garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.
- O órgano encargado da selección neste proceso será o tribunal de selección, que asumirá a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puiden xurdir no desenvolvemento dos exercicios e adoptará ao respecto as decisión que estime oportunas.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos, da metade dos seus membros, e, en todo caso, sen asistencia do presidencia e secretaría, ou quen os substitúa.

- O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e ao resto do ordenamento xurídico.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, asinada por todos os membros do tribunal asistentes.

Os membros do tribunal, así como os asesores especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, ou houberan colaborado con centros de preparación de opositores, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

A presidencia poderá solicitar dos membros do tribunal e dos asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

A concorrencia de calquera de ditas causas deberá ser comunicada ao órgano competente.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao precepto citado no parágrafo anterior.

Ante a renuncia, abstención, aceptación da recusación ou calquera outra circunstancia similar que afecte a un dos membros do tribunal, o órgano competente procederá á designación dun novo membro que substitúa ao anterior.

Por resolución da Alcaldía ou a Concellería delegada nomearanse aos novos membros do tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente.

Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a alcaldía nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

de outubro, do procedemento administra tivo común das administracións públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Listaxe definitivo de admitidos/as: concederáse un prazo de **2 días naturais** para a emenda das causas motivadoras da exclusión. Transcorrido este prazo, por Resolución de Alcaldía, aprobaráse a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Cando non existan circunstancias especiais de verificación dos requisitos a listaxe remitida e publicada terá a condición de definitiva.

Cando se esixan requisitos específicos cuxo cumprimento non poida ser verificado polo Servizo Público de Emprego de Galicia, comunicaráse tal circunstancia aos aspirantes, indicándolle o prazo e forma de acreditación de cara a súa admisión definitiva.

OITAVA.- Selección dos aspirantes. Consistirá na realización de dúas probas de carácter obrigatorio e eliminatorio: proba escrita e proba de galego, sendo este último cualificado de apto ou non apto.

Aqueles aspirantes que acrediten estar en posesión do CELGA-4 estarán exentos de realizar esta proba.

Para superar a primeira proba será necesario acadar polo menos 5 puntos, puntuando un máximo de dez puntos.

Proba escrita:

Desenvolvemento dun proxecto proposto polo Tribunal, cunha duración máxima de 60 minutos que gardará relación coas tarefas a desenvolver inherente o posto: **“Plan de Detección de Persoas Vulnerables en Contexto Rural”**.

A avaliación do exercicio levarase a cabo a partir de cinco liñas temáticas, que se entregarán por escrito ás persoas aspirantes no momento da súa realización. O obxectivo é asegurar unha valoración homoxénea das respostas e avaliar a capacidade para deseñar intervencións comunitarias baseadas en métodos prospectivos, cun enfoque preventivo e participativo, orientado á identificación de persoas en situación de vulnerabilidade e á elaboración do seu perfil.

Proba de galego.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio, previo o proceso de oposición.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

A proba consistirá na tradución o galego dun texto en castelán, durante un tempo de 30 minutos.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluído quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal de Selección.

A forma do chamamento para comezar as probas, será a chamada dos aspirantes segundo a inicial do seu primeiro apelido, continuando por orde alfabética.

Os/as aspirantes deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

No momento previo a realizan da proba escrita, deberán achegar debidamente cuberta a solicitude de participación no proceso de selección (**ANEXO I**) e a autorización para o uso dos datos de carácter persoal (**ANEXO II**), acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Copia da tarxeta de demandante de emprego actualizada

NOVENA.- *Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.* Finalizado o proceso de realización das probas establecidas, o Tribunal cualificador confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e formulará a correspondente proposta de contratación, concedéndose un prazo de **2 días hábiles** para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da Tribunal de selección.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

No caso que o candidato/a rexeite a contratación, deberá comunicalo por escrito nun prazo máximo **dun día hábil**; de non facelo, o funcionario que realiza o chamamento poderá realizar unha dilixencia de renuncia do candidato.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes en materia de valoración que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria, acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións propios do posto de traballo da presente convocatoria.

DÉCIMA.- Formalización do contrato. Unha vez presentada a documentación necesaria os efectos de contratación, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do/a aspirante proposto/a polo Tribunal, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

UNDÉCIMA.- Incidencias. O Tribunal está autorizado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo conforme á discrecionalidade técnica que a caracteriza.

DUODÉCIMA.- Réxime de recursos. Contra a convocatoria e as presentes bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou formalizar demanda, no prazo de dous meses, perante o xulgado do Social de Santiago de Compostela ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, á que acompañará copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición ou resolución do recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo iso para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso xudicial ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Tamén poderán ser impugnados polas persoas interesadas, ante a Xurisdición Social, cantos actos se deriven da convocatoria e as bases de selección.

DÉCIMO TERCEIRO.- Normas finais.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia e demais normativa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO CUARTO.- *Datos de carácter persoal*

Responsable do tratamento: Concello de Carnota, con dirección en Praza de San Gregorio, 19, 15293, Carnota.

Finalidade do tratamento: Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Carnota coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que deriva da xestión deste procedemento.

Lexitimación: A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no consentimento outorgado e no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. O consentimento é revogable en todo momento sen efectos retroactivos.

Destinatarios/as: Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

Prazo de conservación: O Concello de Carnota conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos.

Dereitos: As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carnota ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal, infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19

15293 CARNOTA (A Coruña)

C.I.F.: P-1502000-A

Tel.: 981 857032

Fax: 981 857251

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

ANEXO I

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR 4 PRAZAS DE PSICÓLOGO/A (SNGX 2025)

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Teléfono

SOLICITO participar na convocatoria para a selección de persoal identificada no encabezamento, a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso, segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a achegar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

ACHEGO OS SEGUINTES DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (Anexo II):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

1. Copia tarxeta de demandante de emprego
2. Fotocopia DNI

(...)

_____, __ de _____ do 2025 (sinatura)
SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA

Consonte ao disposto Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Carnota relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello. O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA O USO DOS DATOS PERSOAIS

D./D.^a DNI

Entrego no Concello de Carnota a documentación como demandante de emprego e candidato/a ao **Programa SNGX 2025**, e dou o seu consentimento, de acordo coa Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de regulación de tratamento automatizado de datos de carácter persoal, ao Concello de Carnota e aos Servizos Municipais de Emprego para que poidan facer uso dos datos contidos neles, e ceder os meus datos de carácter persoal, unicamente coa finalidade de procura de emprego nesta administración que está en disposición de ofertar postos de traballo.

E para que así conste, asino a presente autorización.

Carnota _____ de _____ do 2025

Asinado:



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19

15293 CARNOTA (A Coruña)

C.I.F.: P-1502000-A

Tel.: 981 857032

Fax: 981 857251

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA